

NOTA DE PRENSA

O Colexio de Psicoloxía promove un foro profesional sobre a orientación laboral e a promoción do emprego

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2016.- Este sábado 28 de maio, a sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia promove un foro no que se abordará o papel desta área na organización do traballo, especialmente no relativo aos servizos públicos de emprego e orientación laboral. A actividade desenvolverase durante a mañá do sábado a partir das 10:30 horas na sede do Colexio en Santiago de Compostela.

Deste xeito, preténdese abrir un debate que sitúe a psicoloxía na organización e no asesoramento dirixido a crear escenarios favorecedores de emprego, e facer posible o intercambio de impresións e experiencias profesionais sobre un tema de interese en tempos de fragilidade e desigualdade no marco sociolaboral. Porase o foco sobre o cometido dos dispositivos públicos, os seus recursos e estratexias para dar visibilidade á actuación do ou da profesional da psicoloxía nas estruturas municipais e autonómicas.

Participarán diferentes expertos, como Emilio Lesta Casal, xefe do Departamento de Emprego da Coruña, que exporá a dinámica de funcionamento dun servizo municipal de emprego e a xestión de programas para persoas desempregadas. Julio González Morandeira, consultor experto en tecnoloxías da información e da comunicación, analizará os factores de empregabilidade, formas de identificación e os retos diante da evolución tecnolóxica. Por outra banda, o xefe da área do Servizo Andaluz de Emprego, Pedro Andrés Padilla Pérez, disertará sobre a estrutura dun servizo de emprego da súa Comunidade, o servizo e os obxectivos dunha oficina de emprego e o psicólogo ou psicóloga na orientación laboral.

Finalmente, a titular da vogalía de Emprego do COPG, M^a Concepción Prado Álvarez, reflexionará sobre a importancia da psicoloxía nos servizos de orientación e intervención sociolaboral.

Este foro será unha oportunidade para reflexionar sobre políticas activas de emprego, mapas de recursos, asesoramento, accións formativas, intermediación laboral, metodoloxías de participación, programas de apoio á persoa empregada, innovación e a incorporación de novas tecnoloxías, etc. En definitiva, debater sobre posibles iniciativas que permitan desenvolver compromisos que faciliten a coordinación e a cooperación entre a administración pública, as organizacións empresariais e os axentes sociais diante dos retos da empregabilidade.

Saúdos,



Se desexas ampliar a información ou para solicitar entrevistas, contacta co departamento de comunicación do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:
981 534 049 / 699 908 968 / comunicacion@copgalicia.gal